



(íntimo(&)acústico)



ÍNTIMO & ACÚSTICO 2013 (setembro-outubro)

DAMIEN JURADO (Seattle, folk-pop)
+ **WILLIAM TYLER** (Nashville, folk experimental)
Teatro Principal
mércores 4 setembro
21:30
12 euros (anticipada) / 15 euros (billeteira)
venta entradas: Teatro Principal (18-21h., de martes a sábado)
entradas.novagaliciabanco.es / 902434443

PABLO GUERRERO (Estremadura, cantautor)
Lobos sin dueño, 40º aniversario de A cántaros
Teatro Principal
sábado 21 setembro
21:00
12 euros (anticipada) / 15 euros (billeteira)
venta entradas: Teatro Principal (18-21h., de martes a sábado)
entradas.novagaliciabanco.es / 902434443

BIGOTT (Zaragoza, indie)
Bigott Solo
Zona C (Bonaval)
xoves 26 setembro
21.00 (apertura portas)
10 euros (anticipada) / 12 euros (billeteira)
venta entradas: Ticketea, Teatro Principal (18-21h., de martes a sábado), Zona C, A
Reixa Tenda

LUÍS EMILIO BATALLÁN (Galicia, cantautor)
Había que chegar
Teatro Principal
xoves 17 outubro
21.00
10 euros (anticipada) / 12 euros (billeteira)
venta entradas: Teatro Principal (18-21h., de martes a sábado)
entradas.novagaliciabanco.es / 902434443



(íntimo(&)acústico)



DAMIEN JURADO (Seattle, folk-pop)
+ **WILLIAM TYLER** (Nashville, folk experimental)

Teatro Principal
mércores 4 setembro
21:30
12 euros (anticipada) / 15 euros (billeteira)
venta entradas: Teatro Principal (18-21h., de martes a sábado)
entradas.novagaliciabanco.es / 902434443



Falar de Damien Jurado é facelo dunha das figuras máis relevantes do folk-rock americano no que levamos de século. Con tótems coma Neil Young ou Nick Drake como referentes, foi gañando seguidores no noso país disco tras disco para descolgarse da etiqueta de artista de culto, gozando hoxe en día dunha reputación e dun interese por parte de crítica e público que non deixa de aumentar.

Nos últimos anos iniciou unha relación profesional co produtor Richard Swift, rexistrando xunto a el os seus mellores traballos ata a data, "Saint Bartlett", no 2010 e "Maragopa", no 2012, no que robustece e amplía o seu espectro sonoro. Son estes os seus traballos máis ricos en matices, con cancións máis atmosféricas, e desenvolvementos próximos á psicodelia que se intercalan con composicións máis pausadas onde se basta da calidez de súa voz e unha guitarra para emocionarnos.

COMPOSTELA CAPITAL CULTURAL. Comunicación
Auditorio de Galicia. Avenida do Burgo das Nacións, s/n C.P. 15705. Teléfonos 981552290/618948576
Correo electrónico: comunicacion@auditoriodegalicia.org FB: compostelacapitalcultural TW: CCultura
Web: www.compostelacapitalcultural.org / www.auditoriodegalicia.org



(íntimo(&)acústico)



Como preludio á súa actuación no Teatro Principal contaremos coa presenza do talentoso guitarrista **William Tyler**, que estará presentando as cancións que compoñen o seu segundo disco en solitario, "Impossible truth". Este músico de Nashville tamén é coñecido por ser membro de lendarias bandas coma Lambchop ou Silver Jews, ou mesmo acompañando a figuras do *alt-country* coma Bonnie Prince Billy.

Baixo a vide con Joaquín Rebolledo


'Baixo a Vide'. O concerto de Damien Jurado atópase encadrado dentro do ciclo 'Baixo a vide. Concertos con Denominación de Orixe' unha proposta que une a música máis actual e a cultura vinícola galega.

Nesta ocasión, o ciclo contará coa presenza e colaboración da adega Joaquín Rebolledo, un dos mellores expoñentes da D.O. Valdeorras, da que teremos ocasión de gozar dunha degustación das súas referencias.

PABLO GUERRERO (Estremadura, cantautor)
Lobos sin dueño, 40º aniversario de A cántaros

Teatro Principal
sábado 21 setembro
21:00

12 euros (anticipada) / 15 euros (billeteira)
venta entradas: Teatro Principal (18-21h., de martes a sábado)
entradas.novagaliciabanco.es / 902434443



O cantautor extremeño Pablo Guerrero (Esparragosa de Lares, 1946) cumpre 40 anos de carreira, foi voz dunha sociedade nunha época de xentes que se aferraban a cancións que lles falaban de futuro, esperanza, xustiza ou liberdade e a himnos como 'A cántaros' e co seu estribillo 'tiene que llover, tiene que llover, tiene que llover' abre la recompilación do seu novo traballo 'Lobos sin dueño'.

Pablo Guerrero ha ir debullando unha obra traballada, persoal, intimista e poética que publicou alternándoa coas edicións dos seus libros de poemas durante unha das carreiras máis longas e ricas da música española.



(íntimo(&)acústico)



‘Lobos sin dueño’ reflicte unha traxectoria musical única polo seu rigor e a súa evolución que inclúe corenta cancións remasterizadas, ordenadas cronoloxicamente e seleccionadas por el e tres temas inéditos (‘Serenata para Lola’, ‘Amazona’ e ‘Golpe de sombra’) en formato libro con letras de poemas e fotografías, e no que conta con invitados como Ismael Serrano, Lourdes Guerra e Luis Pastor, Cristina Lliso, Álvaro Urquijo, Olga Román, Olga Manzano e Manuel Cuesta.

Con música de Hilario Camacho, ‘Lobo sin dueño’, é un dos temas seleccionados que a Pablo Guerrero sérvelle como homenaxe a este autor e para lembralo de novo despois da súa morte. Para Guerrero ademais é un tema que lle suxire moitas cousas: ‘Cando era neno había xente que cazaba lobos e ía polas casas vendendo as peles. E eu pasábao mal, púñame de parte do lobo. Gustoume lembrar aquilo, e, bo, tamén un dos libros que máis me abraiou na miña adolescencia foi «O lobo estepario». E é tamén un pouco símbolo da actitude de moita xente. Fálase moito dos que cambian continuamente de chaqueta, pero non dos que teñen unha especie de reduto de liberdade interior a proba de todo. É un canto tamén a esta xente, a eses lobos solitarios’ (ABC, 11/02/13)

Unha discografía que abarca desde aquel primeiro ‘A cántaros’ a cancións do disco gravado en directo no Olympia de París en 1975, para continuar co álbum ‘Porque amamos el fuego’ de 1976 (con outro clásico: ‘Dulce muchacha triste’); a primeira inmersión en sonoridades flamencas dun cantautor español en ‘A tapar la calle’ de 1976; a etapa máis experimental que se manifesta en álbums como ‘Los momentos de agua’ (1985), ‘El hombre que vendió el desierto’ (1988), ‘Toda la vida es ahora’ (1992), ‘Alas alas’ (1995) e ‘Sueños sencillos’ (2000), da man de Suso Saiz e Miguel Herrero... Até chegar á súa última obra con discos como ‘Plata’ (2005) e ‘Luz de tierra’ (2009), gravados co seu actual grupo de directo e producidos por Luís Mendo.

COMPOSTELA CAPITAL CULTURAL. Comunicación

Auditorio de Galicia. Avenida do Burgo das Nacións, s/n C.P. 15705. Teléfonos 981552290/618948576

Correo electrónico: comunicacion@auditoriodegalicia.org FB: [compostelacapitalcultural](https://www.facebook.com/compostelacapitalcultural) TW: [CCultura](https://twitter.com/CCultura)

Web: www.compostelacapitalcultural.org / www.auditoriodegalicia.org

BIGOTT (Zaragoza, indie)
Bigott Solo

Zona C (Bonaval)

xoves 26 setembro

21.00 (apertura portas)

10 euros (anticipada) / 12 euros (billeteira)

venda entradas: Ticketea, Teatro Principal (18-21h., de martes a sábado), Zona C, A
Reixa Tenda



Bigott é único e 'Blue Jeans' é outro exemplo diso. Música grande en espazos pequenos!

Bigott (Zaragoza, indie), coa súa guitarra eléctrica e o seu amplificador, lánzanse de xira. Atopámonos ante a oportunidade, inédita até agora, de escoitar en solitario ao xenio maño, debullando cancións de toda a súa traxectoria especialmente decoradas para a ocasión.

Tras a consagración que supuxo *The Orinal Soundtrack* (2011) e o seu infalible single *Cannibal Dinner*, o artista zaragozano, sempre disposto a seguir o seu instinto decidiu levar á súa banda a Brasil, concretamente á Selva de Trancoso, para gravar un novo disco en directo ao vello estilo: tocando todos á vez. Para iso contaba coa experta man do produtor Paco Loco (membro oficial da súa banda) quen cargou no avión o equipo necesario para levar a cabo tan aventurada empresa. As particularidades do clima



(íntimo(&)acústico)



tropical, os continuos saltos de corrente ou a aparición (inesperada) da fauna típica da zona, converteron a gravación en toda unha aventura.

Blue Jeans (abril 2013) é xa o seu sexto álbum e de novo reúne unha colección de cancións arrebatadoras. Nalgunhas aprécianse máis claramente influencias tropicais, como no tema que abre o disco (*I Got Dengue*) ou en *Playboy's Theme*, así como a través da inclusión de percusións da zona (de feito salvo a caixa e os pratos traídos desde España, o resto da batería improvisouse/inventouse alí mesmo) mentres que outras cancións manteñen o espírito bigott máis coñecido.

Queda claro que a naturalidade e a maxia que desprende *Blue Jeans* só se podía conseguir desta maneira. E todas as cancións no seu conxunto, por encima das circunstancias que rodearon a súa gravación, dan forma a un álbum que, unha vez máis, coloca ao seu autor no podio dos máis lúcidos creadores do momento.

LUÍS EMILIO BATALLÁN (Galicia, cantautor)
Había que chegar

Teatro Principal
xoves 17 outubro
21.00

10 euros (anticipada) / 12 euros (billeteira)
venta entradas: Teatro Principal (18-21h., de martes a sábado)
entradas.novagaliciabanco.es / 902434443



Volve LUÍS EMILIO BATALLÁN... aínda que nunca o deixou, certo é que Batallán leva moitos anos nun semi-retiro voluntario exercendo a súa profesión de médico en Moraña (Pontevedra), pero, nas últimas décadas -e sempre en ocasións excepcionais- o máis grande cantante galego ofreceu e participou en recitais nos que demostrou a súa calidade como compositor e sorprendéndonos coa súa impecable voz, e tamén coa validez do seu repertorio na actualidade.

LUÍS EMILIO BATALLÁN (Compostela, 1948) é o autor dun dos discos máis notables da música galega de todos os tempos: 'Aí vén o maio'. Publicado en 1975, Batallán sorprendeu a tirios e troianos coa súa revisión musical de poemas de Celso Emilio Ferreiro, Cunqueiro, Curros e Rosalía. Para algúns entendidos, ese disco está máis preto da música pop ca da canción de autor.

Ata aquel momento, a maioría dos cantantes galegos utilizaran, case sempre, o lado máis social ou "comprometido" dos poetas galegos para compoñeren o seu repertorio. Pero, sorprendentemente e nun tempo no que aínda se lles esixía aos intérpretes un compromiso político definido, Batallán optou polo lado máis íntimo dos poetas galegos para elaborar un traballo que permanece na memoria de todos.



(íntimo(&)acústico)



Aí vén o maio' vendeu a increíble cifra de 200.000 exemplares e reeditouse en 1992, o ano de edición do terceiro LP , 'Eres un fármaco', aparecido tres anos despois de 'O ballet da nena'. O cuarto LP de Batallán, 'Tu retrato', non chegaría ata 2007.

E, como dicíamos, LUÍS EMILIO BATALÁN, volve á primeira liña da música galega. Xa no pasado 2012 puidemos escoitalo nalgunha ocasión -homenaxes a Celso Emilio en Celanova e Vigo, Teatro CAIXANOVA, (García Barbón) Bar con Uve (Moaña) Liceum de Porriño, As Crechas, Santiago, Ba Ba Bar A Coruña, e Auriense -Ourense- pero, o cantante regresa con intención de non baixar dos escenarios nunha longa tempada...

O cantante está a pechar diferentes datas para concertos nos próximos meses, un deles este que dará en Santiago de Compostela. Alternará os recitais que co traballo de preparación do que será, en outono, o seu novo traballo discográfico.

COMPOSTELA CAPITAL CULTURAL. Comunicación

Auditorio de Galicia. Avenida do Burgo das Nacións, s/n C.P. 15705. Teléfonos 981552290/618948576

Correo electrónico: comunicacion@auditoriodegalicia.org FB: compostelacapitalcultural TW: CCultura

Web: www.compostelacapitalcultural.org / www.auditoriodegalicia.org